



CONCELLO DE IRIXOA (A Coruña)

SUBVENCIÓN REDACCIÓN PACES 2021 - NON COMPETITIVA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA
(ORDE 26-1-2021, DOG DO 10-2-2021)

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA REDACCIÓN DO PACES-IRIXOA

DENOMINACIÓN: ELABORACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN PARA O CLIMA E A ENERXÍA SUSTENTABLE (PACES) DO CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

IMPORTE TOTAL: 2.407,90 €

ANTECEDENTES:

O Pleno do Concello de Irixoa, en sesión ordinaria do 1 de abril de 2019 adheriuse, en calidade de asinante, ao Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía Sustentable. Con iso comprométese a actuar para alcanzar o obxectivo da Unión Europea, consistente basicamente en reducir as emisións de CO₂ no seu territorio en polo menos un 40 % para o ano 2030 a través da mellora da eficiencia enerxética e de un maior uso de fontes de enerxía renovable, e aumentar a súa resiliencia mediante a adaptación ás repercusións do cambio climático.

O Concello de Irixoa, para alcanzar estes obxectivos, comprometeuse a:

- Levar a cabo un inventario de emisións de referencia e unha avaliación de riscos e vulnerabilidades derivados do cambio climático.
- Presentar un “Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable” (PACES) nun prazo de dous anos a partir da data de adhesión ao Pacto, isto é, antes do 1 de abril de 2021.
- Elaborar un informe de situación polo menos cada dous anos a partir da presentación do Plan de acción para o clima e a enerxía sustentable con fins de avaliación, seguimento e control.

TAREFAS A REALIZAR:

Conforme as esixencias técnicas, o documento a realizar estruturarase en catro bloques básicos:

Inventario de Emisións de Referencia (IER). Incluirá unha cuantificación das emisións de CO₂ derivadas dos consumos enerxéticos levados a cabo no municipio de Irixoa para o ano de referencia seleccionado (2015) ou máis próximo do que se dispoñan datos. O IER posibilita a identificación das principais fontes antrópicas emisoras de CO₂ e outros gases de efecto invernadoiro no municipio, achegando a información necesaria para o establecemento dun diagnóstico enerxético local a partir do cal se programan e priorizan as medidas do Plan de Acción que van permitir reducir estas emisións.



CONCELLO DE IRIXOA (A Coruña)

☑ Diagnóstico enerxético. A partir da información achegada no IER levará a cabo unha análise e diagnóstico pormenorizado da situación enerxética a escala local, incluíndo a identificación e avaliación das medidas adoptadas ata a data polo Concello relacionadas coa redución de emisións de GEI e a proxección de escenarios de emisión.

Este diagnóstico permite poñer de manifesto os sectores estratéxicos sobre os que exercer maior esforzo para minimizar a súa incidencia no cambio climático a escala local.

☑ Avaliación local da vulnerabilidade e riscos do Cambio Climático. Descrición e análise dos distintos riscos aos que o municipio está exposto tanto agora como aos que se poderá ver exposto no futuro por mor dos cambios producidos polo cambio climático na rexión, identificando as vulnerabilidades e oportunidades de adaptación que presenta o novo escenario climático.

☑ Plan de Acción para o clima e a Enerxía Sustentable (PACES). Planificación, estruturación, definición e priorización das medidas para levar a cabo ata o ano 2030 para alcanzar o obxectivo de reducir as emisións antrópicas de CO₂ no Concello de Irixoa, polo menos, nun 40 % desde o ano de referencia considerado. Inclúese ademais un plan de seguimento baseado en indicadores co obxectivo de asegurar a correcta vixilancia e implantación das medidas, así como a análise da súa efectividade en relación á redución dos consumos enerxéticos e emisións de GEI.

☑ Incluírse ademais, unha caracterización xeral do termo municipal, a cal permita dispoñer dunha visión suficientemente ampla das condicións do municipal, un resumo executivo do PACES.

☑ Levarase a cabo a elaboración e carga da plantilla de presentación do PACES “Modelo do Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable - SECAP template (é), co correspondente traspaso do persoal do PACES á correspondente ligazón da páxina Web do Pacto dos Alcaldes “ MyCovenant”.

PARTICIPACIÓN, DIVULGACIÓN E CONCIENCIACIÓN:

A participación do Concello de Irixoa e os actores directamente relacionados co PACES é fundamental tanto na fase de redacción do mesmo como durante a súa execución.

As principais accións de comunicación e participación levadas a cabo durante a redacción do Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable (PACES) do concello de Irixoa son:

- Páxina web: O Concello habilitará unha nova sección na área de “ Novas” da súa páxina web oficial baixo o nome “PACTO DOS ALCALDES” que proporciona información actualizada e práctica achega do proceso que está a seguir o concello de Irixoa como asinante do Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía.
- Reunións e contactos entre concello e equipo redactor.
- Relacións con actores enerxético locais (empresas e asociación fundamentalmente).



CONCELLO DE IRIXOA (A Coruña)

CRONOGRAMA:

Faise unha estruturación do proceso en varias fases e subfases:

Fase e Subfase	Concepto	Inicio	Remate
1ª.1	OBTENCION DE INFORMACION DE PARTIDA PRECISA PARA A REALIZACION DO IER (proporcionada polo Concello)	5-2-2021	9-2-2021
1ª.2	ELABORACION DO IER E DA ANÁLISE DE RISCOS E VULNERABILIDADES E AVALIACIÓN DE RISCOS E VULNERABILIDADES	9-2-2021	12-2-2021
1ª.3	ELABORACIÓN E DIFUSIÓN AO PERSOAL DO CONCELLO E AXENTES IMPLICADOS DUNHA ENQUISTA SOBRE AS ACCIÓNS/MEDIDAS QUE DEBEN DESENVOLVERSE NO PACES NA SÚA FASE POTESTATIVA	12-2-2021	17-2-2021
1ª.4	PRIMEIRA ENTREGA DOS DOCUMENTOS REALIZADOS DO PACES. PRESENTARANSE OS RESULTADOS DA COMUNICACIÓN E PARTICIPACIÓN, DO INVENTARIO DE EMISIÓN DE REFERENCIA, ANÁLISE DE RISCOS E VULNERABILIDADES E PROPOSTA DE ACCIÓNS DE MITIGACIÓN.	18-2-2021	24-2-2021
2ª.1	SEGUNDA ENTREGA DO DOCUMENTO PACES EN FASE DE BORRADOR INCLUÍNDO TODOS OS DOCUMENTOS DA ENTREGA DEFINITIVA	26-2-2021	12-3-2021
3ª.1	ENTREGA DEFINITIVA DO DOCUMENTO PACES Ao CONCELLO (Estratexia, Comunicación e Participación, Inventario de Emisións de Referencia (IER),Riscos e Vulnerabilidades, Accións de Mitigación, Resumo Executivo), ASÍ COMO DO PERSOAL DE PRESENTACIÓN DO PACES E A DOCUMENTACIÓN TÉCNICA.	12-3-2021	25-3-2021
4ª.1	APROBACIÓN DO PACES POLO PLENO MUNICIPAL.	24-3-2021	30-3-2021
4ª.2	TRASPASO DOS DATOS DO PACES NA PLATAFORMA DE PRESENTACIÓN DE INFORMES DO PACTO DOS ALCALDES , " Mycovenant", e carga do documento PACES aprobado en Pleno.	25-3-2021	31-3-2021



CONCELLO DE IRIXOA (A Coruña)

ORZAMENTO DETALLADO DO CUSTO DOS TRABALLOS

Fase	Descrición	Prezo
1ª.1	Actuacións previas (Criterios, metodoloxía, planificación e recopilación de información para a elaboración do PACES).	202,24
1ª.2		
1ª.3	Redacción do PACES (Estratexia, Inventario de emisións de referencia, Riscos e vulnerabilidades, Accións de mitigación, Resumen executivo). Primeira entrega	1.334,33
1ª.4		
2ª	Segunda entrega do documento PACES en fase de borrador, incluíndo todos os documentos previstos na entrega definitiva	330,38
3ª	Entrega definitiva do PACES ao Concello e aprobación polo Pleno da corporación municipal.	36,45
4ª	Traspaso dos datos do PACES na plataforma de presentación de informes do Pacto dos Alcaldes, "Mycovenant", e carga do documento PACES	86,60
	EXECUCIÓN MATERIAL DIRECTA (con gatos xerais e beneficio industrial). Base imponible	1.990,00
	IVE (21%)	417,90
	ORZAMENTO TOTAL DE EXECUCIÓN	2.407,90

DECLARACIÓN RESPONSABLE:

O Concello de Irixoa declara responsablemente o seu compromiso firme de presentación cada 2 anos do informe de seguimento (informe de acción) sobre a implantación efectiva do PACES.

OUTRAS INFORMACIÓNS:

O Concello de Irixoa iniciou o proceso de contratación da asistencia para a redacción do PACES-Irixoa a finais do 2020, cun tipo de licitación de 2.951,80 €; o procedemento utilizado foi o aberto simplificado (art. 159), tramitándose na plataforma de contratación electrónica do Estado (PLACSP). Como resultado de dito proceso foi adxudicado o contrato de servizo á empresa EPTISA Servizos de Ingeniería, S.L., no importe de 2.497,90 € (IVE incluído) e mediante acordo da Xunta de Goberno Local de 29-1-2021. O límite temporal do que dispón o concello (1-4-2021) supón un esforzo de acurtamento de prazos, ao que tamén se comprometeu a empresa adxudicataria.



CONCELLO DE IRIXOA (A Coruña)

IRIXOA, 23 de febreiro de 2021
O ALCALDE

Antonio Deibe Sanmartín